

CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN.

RAFAEL CASTILLO REBOIRO, SECRETARIO DO CONCELLO DA POBRA DO BROLLÓN. (LUGO).

CERTIFICO.- Que polo pleno do Concello en sesión ordinaria celebrada o día vinte e oito de decembro de dous mil once, adoptáronse os acordos que figuran no...

...BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO O DÍA VINTE E OITO DE DECEMBRO DE DOUS MIL ONCE.

José Luís Maceda Vilaríño
Manuel González Moreira
José Luís Rodríguez Franco
Ricardo Rodicio González
José Antonio García Pérez
Inés Olmo González
Juan Ramón Méndez Quiroga
David López Goyanes
Fernando Parada Veiga
Adoración Fernández González
Javier González González

No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello da Pobra do Brollón, sendo as vinte e unha horas e trinta minutos do día vinte e oito de decembro de dous mil once, e baixo a presidencia do Alcalde, José Luís Maceda Vilaríño, reuníronse os Concelleiros que se relacionan á marxe, en total coa Presidencia once, para celebrar sesión ordinaria do pleno do Concello.

Asiste como Secretario quen o é da Corporación, Rafael Castillo Reboiro, que da fe do acto.

Sendo a hora indicada, pola Presidencia declárase aberta a sesión e éntrase no estudio da seguinte

ORDE DO DÍA:

1.- PARTE DISPOSITIVA:

1.01º.- APROBACIÓN, NO SEU CASO, DE ACTAS ANTERIORES.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e catro de outubro de dous mil once.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e catro de outubro de dous mil once.

Por unanimidade se acorda a aprobación da acta da sesión extraordinaria celebrada o día vinte e sete de novembro de dous mil once.

O portavoz independente di:

Non queríamos facer un inciso que é referente á dificultade que temos para o exercicio da nosa labor, as actas que chegan tarde, chegan, digamos que non podemos facer a labor de control desas actas,

e tal. Agradeceríamos, porque eu creo que aquí nun momento dado díxose que tiveran un tempo máximo de tardanza esas actas e tal, sabemos que bo, pois que hai problemas, que estamos nunhas fechas tamén onde que houbo pontes, onde unha cousa, pero que, digamos sen maior crítica, que si, que nos gustaría de que cando chegásemos aquí a un pleno que tiveramos a oportunidade de ter esas actas no noso poder. Grazas.

1.02º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN DE CRÉDITOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A estas alturas do exercicio compre facer uns gastos inaprazables con cargo a este orzamento. Consonte co anterior, propoño ao pleno que adopte o acordo seguinte:

1.- *Aproba-lo expediente número 2 de modificación de créditos do orzamento xeral de 2011 co detalle que se detalla a seguir.*

2.- *Facer público este acordo por prazo de quince días a efectos de exame e alegacións, considerándoo definitivamente aprobado se non se presenta ningunha nese prazo.*

Bolsa	Programa	Económica	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Recoñecidas	Proposta
3	1 Servizos públicos	1 Persoal	42.924,57	46.421,24	89.345,81	85.374,77	1.600,00
4	1 Servizos públicos	2 Bens e servizos	255.595,00	46.575,42	302.170,42	242.485,68	-7.700,00
16	9 Actuacións xerais	1 Persoal	311.244,26	101.237,88	412.482,14	338.792,86	2.800,00
17	9 Actuacións xerais	2 Bens e servizos	115.201,00	17.196,74	132.397,74	114.595,82	150,00
18	9 Actuacións xerais	4 Trans. correntes	2.501,00	0,00	2.501,00	1.867,00	2.500,00
19	9 Actuacións xerais	6 Inversións	3,00	6.957,20	6.960,20	7.567,35	650,00
<i>Total</i>			727.468,83	218.388,48	945.857,31	790.683,48	0,00

O grupo de goberno somete así mesmo a consideración a seguinte emenda.

Observada unha mínima diferenza entre a cantidade dispoñible e a necesaria na bolsa 3 do orzamento de 2011, propoño a presente emenda á proposta presentada:

1.- *Aumentar en 400,00€ a cantidade a aumentar na bolsa 3, con cargo á bolsa 4.*

2.- *Con dito cambio a proposta queda como sigue:*

Bolsa	Programa	Económica	Iniciais	Modificacións	Definitivos	Recoñecidas	Proposta
3	1 Servizos públicos	1 Persoal	42.924,57	46.421,24	89.345,81	85.374,77	2.000,00
4	1 Servizos públicos	2 Bens e servizos	255.595,00	46.575,42	302.170,42	242.485,68	-8.100,00
16	9 Actuacións xerais	1 Persoal	311.244,26	101.237,88	412.482,14	338.792,86	2.800,00
17	9 Actuacións xerais	2 Bens e servizos	115.201,00	17.196,74	132.397,74	114.595,82	150,00
18	9 Actuacións xerais	4 Trans. correntes	2.501,00	0,00	2.501,00	1.867,00	2.500,00
19	9 Actuacións xerais	6 Inversións	3,00	6.957,20	6.960,20	7.567,35	650,00
<i>Total</i>			727.468,83	218.388,48	945.857,31	790.683,48	0,00

Sometidas a votación a emenda e a proposta, se aproban por unanimidade.

1.03º.- INVENTARIO MUNICIPAL.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

Realizouse un traballo de actualización do inventario municipal incluíndo nel as rúas e camiños que figuran no Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello. Compre pois a súa aprobación para o que propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- 1.- *Aprobar a indicada modificación do inventario de bens do concello.*
- 2.- *Facelo público por termo de dous meses a efectos de alegacións e rectificación.*
- 3.- *Consideralo definitivamente aprobado de non producirse ningunha nese prazo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.04º.- MESA LOCAL COMERCIO.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas.

A Lei de Galicia 13/2010 de 17 de decembro do comercio interior dispón a creación, en cada concello no que existan 20 ou máis establecementos comerciais retallistas, dunha Mesa Local de Comercio formada por representantes do concello da Xunta de Galicia e dos sectores afectados.

Nos concellos sen asociacións de persoas comerciantes retallistas compre convocar unha asemblea dos titulares dos establecementos titulares para elixiren a súa representación. Se non existen asociacións locais de consumidores, compre convocar a representación dunha asociación ou federación de consumidores a nivel provincial ou autonómico. Consonte co anterior, propoño ao Pleno que adopte o acordo seguinte:

- 1.- *Crear a Mesa Local de Comercio da Pobra do Brollón.*
- 2.- *Convocar unha asemblea de comerciantes retallistas para elixiren a súa representación.*
- 3.- *Facultar á Alcaldía para tódolos trámites precisos no cumprimento de este acordo.*

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

1.05º.- FICHEIROS DE DATOS PROTEXIDOS.

Dáse conta da seguinte proposta da Alcaldía ditaminada favorablemente pola Comisión Informativa e Especial de Contas

No artigo 20 da Lei Orgánica 15/1999, do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como no artigo 53 do Regulamento de desenvolvemento da LOPD aprobado polo Real Decreto 1720/2007 do 21 de decembro, establécese que a creación, modificación ou supresión dos ficheiros de datos de carácter persoal das administracións públicas só poderán facerse por medio de disposición xeral publicada no Boletín Oficial do Estado ou diario oficial correspondente.

Para tales efectos, en cumprimento dos citados preceptos legais a Alcaldía, propón ao Pleno que adopte o acordo seguinte.

1. *-Aprobar a creación dos ficheiros que están relacionados no Anexo I, sendo o responsable destes quen se indica.*

<i>Órgano responsable</i>	<i>Axente de promoción económica</i>
<i>Dependencia</i>	<i>Oficina de promoción económica</i>
<i>Administración</i>	<i>Concello da Pobra do Brollón</i>
<i>C.I.F.</i>	<i>P-2704700-J</i>
<i>Domicilio</i>	<i>Avda. de Galicia, 50. 27.330-A Pobra do Brollón. Lugo.</i>
<i>Teléfono</i>	<i>982.430.001</i>

Fax	982.430361
-----	------------

2.- Publicar o anuncio de creación dos citados ficheiros no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

3.- Solicitar da Axencia de Protección de Datos, unha vez efectuada a publicación á que se refire o apartado anterior, que proceda á inscrición dos ficheiros no Rexistro de Protección de Datos.

ANEXO I Creación de ficheiros de datos de carácter persoal do Concello da Pobra do Brollón.

Ficheiro A

Nome do ficheiro: "Axentes de promoción económica"

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos dos axentes de promoción económica que prestan servizo no Concello da Pobra do Brollón, co fin de poder ser identificables polos usuarios aos que dirixen as súas accións.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Axentes de emprego contratados polo Concello.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a traballador/a, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, email).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, e ao C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa necesario para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello da Pobra do Brollón, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos será o responsable superior. A responsabilidade directa se exerce polos axentes de promoción económica que serán tamén os responsables de dito ficheiro mantelo, conservalo e actualizalo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

Ficheiro B

Nome do ficheiro: "Participantes en accións de promoción de emprego"

a) Finalidade e usos previstos do ficheiro:

Xestionar os datos das persoas asesoradas ou participantes en actividades de formación e apoio a emprendedores, empresarios e persoas en busca de emprego.

b) Persoas ou colectivos sobre os que se pretende obter datos de carácter persoal ou que resulten obrigados a subministralos:

Emprendedores, empresarios, persoas en busca de emprego, ou que queiran participantes en actividades de formación.

c) Procedemento de recollida de datos:

Os datos obteranse por medio de comunicación oral, escrita ou telemática, recolléndose nos distintos formularios cumprimentados polo/a persoa asesorada ou participante en actividades, tanto en soporte papel coma informático ou electrónico.

d) Estrutura básica do ficheiro e tipo de datos:

Datos identificativos (nome, apelidos, DNI/NIE, enderezo, teléfono, fax e. email); datos do proxecto de creación de empresa (Nome do proxecto, tipo, descrición, estado, data de inicio e fin).

e) Cesións de datos de carácter persoal e transferencias de datos a países terceiros:

Os datos de carácter persoal contidos neste ficheiro serán cedidos á Consellería de Traballo e Benestar, a C.E.E.I. Galicia S.A. (BIC Galicia). Así mesmo, poderán transferirse a outras administracións públicas cando sexa óbice para as materias da súa competencia.

Non se prevé a cesión de ditos datos a países terceiros.

En todo caso, a cesión de datos que contén este ficheiro sen necesidade de consentimento por parte da persoa afectada, só se realizará a favor doutras administracións públicas competentes na materia e ó abeiro do disposto na Lei Orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal e no Real decreto 1720/2007, que aproba o Regulamento de desenvolvemento de dita lei.

f) Órgano responsable do ficheiro:

A persoa que exerza o posto de Alcaldía do Concello da Pobra do Brollón, como responsable superior de todo o persoal e impulsor de tódolos servizos administrativos será o responsable superior. A responsabilidade directa se exerce polos axentes de promoción económica que serán tamén os responsables de dito ficheiro mantelo, conservalo e actualizalo.

g) Dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición:

Os axentes de promoción económica, serán perante quen se poderán executar os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición destes datos.

h) Sistema de tratamento:

Mixto.

i) Nivel de protección:

As medidas de seguridade para este ficheiro son de carácter básico.

Sometida a votación a anterior proposta, por unanimidade acórdase a súa aprobación.

Rematada a orde do día prevista, se declara a urxencia da seguinte moción cos nove votos a favor dos grupos nacionalista, independente e socialista e as dúas abstencións do popular.

1.06º.- MOCIÓN DO B.N.G. SOBRE OS RECORTES DO PLAN CONCERTADO DA XUNTA DE GALICIA.

Dáse conta da seguinte moción do B.N.G. ditaminada pola Comisión Informativa e Especial de Contas:

Exposición de motivos.

O Plan Concertado de Prestacións Básicas de Servizos Sociais é un instrumento fundamental de cooperación entre os Concellos, a Xunta de Galiza e a Administración do Estado, por medio do cal se cofinancian os servizos sociais municipais e permiten garantir as prestacións básicas e a atención aos veciños e veciñas. O Plan concertado cobre os custes seguintes:

- Persoal dos servizos sociais.
- Gastos de mantemento dos servizos sociais comunitarios.
- A prestación do servizo de Axuda no Fogar, incluíndo a prestación do servizo de Axuda no Fogar para persoas valoradas como dependentes e a prestación básica.
- A xestión e realización dos programas básicos de prevención, inserción, cooperación e fomento da solidariedade e outros destinados a intervencións comunitarias.
- Investimentos: adquisición, construción, reforma, ampliación, mellora ou acondicionamento de equipamentos de servizos sociais.

Fai uns días chegaron ao Concello as resolucións deste Plan, cun recorte do 73,74%, pasando de 18.015,29 € no ano 2010 a 4.731,26€ para o ano 2011, o que supón un recorte drástico e inxustificable nas achegas da Xunta de Galiza relativas aos gastos anteriores englobados no Plan Concertado de Prestacións Sociais Básicas e no Programa de Servizos Sociais Comunitarios. Xusto cando, por efecto da crise económica, maior é a necesidade de recursos e prestacións sociais para atender ás persoas que con máis dureza están a sufrir as súas consecuencias, a Xunta de Galiza vén de recortar as achegas que desenvolven servizos sociais básicos.

Este recorte ao Plan Concertado obriga ao Concello a facer fronte ás necesidades e programas contraídos este ano 2011 con fondos propios, o que vai afectar aos servizos municipais, e ao que hai que engadir outra grave problemática: o retraso no pagamento das partidas asignadas e comprometidas.

A Xunta de Galiza e o Parlamento galego, alén da incerteza do que vai pasar en 2012 e anos seguintes, deben resolver este tema de inmediato para asegurar e garantir os recursos necesarios para que o Concello siga ofrecendo aos veciños e veciñas os servizos e prestacións sociais que demanda e precisa, especialmente diante da crise económica e social que atavesamos.

Por todo isto, propoñemos ao Pleno do Concello da Pobra do Brollón a adopción do seguinte ACORDO.

1.- Instar a Xunta de Galiza á restitución inmediata do crédito eliminado para o financiamento do Plan Concertado do ano 2011, que significou para este concello o recorte dun 73,74%, que permita continuar cos programas englobados no citado plan de servizos sociais e de prestacións básicas e atención ás familias e colectivos con problemas.

2.- Instar a Xunta de Galiza a que nos Orzamentos de 2012 garanta como mínimo ás cantidades cosignadas no ano 2009 para o Plan Concertado e o Programa de Servizos Sociais Comunitarios.

3.- Atender así mesmo á execución do Programa de Atención a Persoas sen Fogar.

4.- Restablecer e incrementar os fondos destinados ao Concello para apoio ás familias.

5.- Instar a Xunta de Galiza a que demande do Goberno do Estado o mantemento das cantidades que a Administración do Estado tiña destinadas o pasado ano 2010 ao

cofinanciamento dos plans e programas sociais, minorados polo acordo do Consello de Ministros no mes de febreiro pasado.

+ Intervén o portavoz independente:

Ben. Dende hai tempo este é un problema que se ven acuciando porque a demanda social neste campo e cada vez maior polo envellecemento propio da poboación, e polos problemas sociais e económicos que están acuciando ao noso pobo e a toda a comunidade de España, non? É un problema xeral.

A Xunta de Galicia ven de facer aí atrás o seu presuposto, presentouno, e en base a ese presuposto entendemos de que hai un recorte significativo, me parece que eran en torno a 1.200-1.300 millóns de euros, e é certo que teñen que saír dalgunha parte, e dicir, os recortes teñen que... un dos sitios onde se está recortando é precisamente neste tema de asuntos sociais.

Entendemos que instar á Xunta a que, unha vez presentados estes presupostos, vai a ser moi difícil que cambien. O que si, esta moción, eu penso, de que se é unha moción encamiñada máis a que realmente, é dicir, que si se lle pode pedir evidentemente vamos a pedir pero me parece que vamos a topar con unha porta que realmente vai ser difícil que se nos abra. Por ese campo ao mellor había que instar a que moitas, a través doutros presupostos noutras materias que podan sobrar, que ao mellor, que ao mellor se poden facer as cousas.

A parte de instar á Xunta de Galicia, eu creo que sería bo, tamén, nesta moción, dende o noso grupo, que se lle inste, ao mellor, á Deputación tamén de Lugo, porque en seu momento dixo que a Deputación tamén se... que había cuartos sobrantés, de feito incluso me parece que se había falado de un millón de euros, creo agora recordar, para incluso que podía haber residencias xeriátricas e outro tipo de cousas, entendo de que a Deputación, a través de que realmente a súa función é de aos, sobre todo aos concellos como o noso, concellos pequenos, con pouca poboación, con poucos recursos, ao mellor nesta moción creo que debería incluírse, evidentemente, si pedirlle á Xunta, pero tamén á Deputación, eh? que tamén que se, eh? Que se involucre tamén en este tipo de axuda a estes servizos, non? porque no seu momento falouse de que había cartos para este tipo de proxectos, entón, sei que é un plan concertado, pero, xa lle digo, que este plan concertado, a diferenza digamos que hai, eu penso de que ao mellor por outras partidas poderíamos melloralo un pouco, pero desgraciadamente, e volta a empezar, pola situación económica que teñen, que temos neste concello, e unha das solucións, pois ao mellor foi o que se falou no pleno anterior de que os cartos que haxa para un concello, pois ao mellor hai que destinalos ao que é a verdadeira situación deste concello, un concello envellecido, un concello que demanda moitos servizos sociais.

A propia FEGAMP, volvo a repetir, [non consta referencia anterior á FEGAMP] tamén está neste tema tamén, porque sabe de que de feito incluso falouse de que ao mellor había que empezar a falar de devolver certos servizos ás institucións superiores, porque realmente os concellos de hoxe en día, non poden absorber todos este tipo de prestacións sociais aínda que sexamos, digamos, os representantes e os administradores máis próximos que teñen os cidadáns.

+ Intervén o portavoz popular:

Nos, con respecto a esta moción, pois imonos a abster, por... non temos documentación, xa que nos foi facilitada con apenas dous días e non puidemos solicitar nin información, nin aquí no concello nin na Xunta de Galicia, sobre estes 73,74%, e polo tanto imonos abster con respecto a esta moción.

+ Intervén a portavoz socialista:

Pois, home, nos en principio estamos en contra de que, sobre todo haxa recortes así tan brutais, e nos parece que, precisamente foi un goberno socialista o que creou a protección dos maiores que nos faltaba aí, ca Lei da Dependencia, non? Entón parécenos importantísimo que iso nunca vaia a menos. Eses servizos básicos que deberíamos ter todos os cidadáns que por iso dereitos, educación, sanidade, protección dos maiores, pois penso que, seguridade social, pois deberíamos de protexer.

O que si nos gustaría é que nos explicádeses un pouquiño, porque documentación non temos, si-gue, aumentou a partida da lei da dependencia? ou ao mellor sería importante que non exista solapa-mento entre unhas partidas e outras, plan concertado e dependencia. Este recorte así tan brutal, é para a mesma subvención, exactamente igual, non?

+ O alcalde, di:

Imos ver. Este e un recorte que atinxe ao plan concertado, e concretamente á prestación básica dese plan concertado que é o servizo do SAF. Non ten nada que ver isto con... con temas de axuda á dependencia nin moito menos. [En segundo plano fala a portavoz socialista de xeito inaudible] Este é un recorte específico para un plan específico que é o plan concertado.

+ Intervén a portavoz socialista:

Pero nos sabemos que na práctica é o mesmo, porque moitas persoas de axuda a domicilio aca-ban sendo dependentes, é ao que eu me refiro. [En segundo plano fala o alcalde de xeito inaudible] Se temos algunha...

+ Interrompe o alcalde:

A dependencia pode ter transferencias porque hai dependentes ou non telas porque non os hai. Esta é unha transferencia que se viña mantendo ao longo dos últimos anos para facer unha prestación básica e independentemente de que teñamos ou non teñamos dependentes. [En segundo plano fala a portavoz socialista de xeito inaudible] É dicir, hai persoas que se atenden a través deste servizo e que non son dependentes, pero que si poderían, poderían incluso selo ou o van ser no futuro.

+ Intervén a portavoz socialista:

Non existe ningunha partida da lei da dependencia para...? [En segundo plano fala o alcalde de xeito inaudible]. Non, pero eu pregunto, para a prestación de tipo xeral, é dicir, só vai encamiñada sem-pre ao número de dependentes que haxa.

+ Responde o alcalde:

Non hai unha transferencia fixa ao concello, senón, [En segundo plano fala a portavoz socialista de xeito inaudible] depende e varía en función do... do nivel de dependentes que se teñan.

+ Intervén a portavoz socialista:

Bo. Pois nos estamos de acordo con instar a Xunta que polo menos se ten que re...

+ Interrompe o alcalde:

Un par de puntualizacións. [En segundo plano fala a concelleira Inés Olmo quen di: tamén a De-putación] Eu quería facer un par de puntualizacións con respecto a iso, e é que bo, o recorte que se pro-duce neste concello, e está estimado pola xefa do servizo, é concretamente un 73,74% de investimento, de transferencia con respecto ao que viñamos percibindo nos últimos seis anos, coa gravidade de que esta situación se produce unha vez que está feito o gasto, e dicir, que se nos comunica no mes de setem-bro, o cal, pois é bastante máis grave.

Teño que dicir, que se queren introducir como emenda o tema da Deputación, eu xa lles adianto que nos imos votar en contra disto, porque a competencia en Servizos Sociais lle corresponde á Xunta de Galicia, xa, creo, que bastante traballo está a facer, se está a facer dende a Deputación Provincial, se está a facer un esforzo grande para colaborar na prestación dos servizos, e o que non podemos pedirlle a un organismo, que tamén terá os seus problemas económicos, é que arranxe os problemas que dende outras instancias que teñen competencias neste servizo, debería de facer a Xunta, a Xunta de Galicia.

Hai que recordar que días atrás puideron ver que dende a Deputación Provincial incluso se ins-titou á Consellaría de Benestar a que participara na concertación de prazas nas residencias que se van a construír, e a resposta, por parte da Conselleira, foi que... foi que non.

Polo tanto, entendo que cada... creo que nos tampouco temos competencia neste servizo, nos funcionamos a través dos recursos que nos brindan outras administracións, e neste caso, como vostede ben dicía, igual son competencias que están asumindo os concellos que non deberíamos, e polo tanto isto o único que vai a facer é agravar máis as arcas municipais, e un caso como este, onde ao final do exercicio se retira o 73,74% do investimento, entendo que non é de recibo. Entón, se vostede quere presentalo como unha emenda, votámola, e senón deixamos a moción como está.

+ Intervén o portavoz independente:

Prefería en concepto de que, digo que bo, isto xa, digamos, está asinado, dubido moito que... non, que está ben que o pidamos... evidentemente non imos ser nos os que renunciemos a solicitar esa compensación dende os catro mil setecentos aos dezaioito mi euros, non? pero que entendo que realmente, e, ou senón algunha [inaudible] de que se realmente se ten isto, e se falaba doutras partidas, digamos a modo de compensación, polo menos, non? É dicir que... non? Pero a moción esa... é dicir que a Deputación, todo o que fai está ben, pero que tamén se a Deputación, un pouquiño, pode paliar en certas medidas, aínda que non teña competencia directa, moitos recursos tampouco ten ao mellor competencias e sen embargo si se axudan a estes concellos pequenos a través de outros aspectos, vale?

+ O alcalde di:

Entón, parécelle que votemos esta emenda? [se producen varias intervencións superpostas do alcalde, o portavoz independente e o secretario aclarando os termos da emenda] Procedemos á votación? Formúlao como unha emenda?

+ Prodúcense novas intervencións superpostas tralo que responde o portavoz independente:

Engadir o tema de, ou sexa, solicitar á Deputación de algunha forma, se hai algunha faceta, tamén instar á Deputación, digamos, a unha partida compensatoria.

+ O alcalde vai someter a emenda a votación pero pide a palabra e intervén a portavoz socialista:

[inaudible] Nos, entendo, non é que teña que responsabilizarse a Deputación, que por suposto non é responsabilidade dela, senón, se pode colaborar, por suposto, eu creo todas as colaboracións serían ben vidas.

+ Intervén o secretario para aclarar os termos de redacción da emenda. A seguir o alcalde di:

É que este programa non é competencia da Deputación Provincial. A Deputación Provincial non ten competencias no plan concertado. Este é un plan que xurde directamente da Xunta de Galicia. Vamos, pedir pódese pedir, pero...

+ Interrompe o portavoz independente:

Hai que engadir un punto sexto, é dicir, punto sexto, é dicir, temos cinco puntos, non? No punto sexto é solicitar, é dicir, evidentemente solicitamos, é dicir solicitamos á Deputación de Lugo, tendo en conta as situacións precarias do concello, é dicir, se adorna como se queira adornar, entón, se houbera algunha partida e tal, instar ou solicitar, eh?, unha axuda digamos para...

+ Interrompe o alcalde:

É que a Deputación Provincial, entendo, que pode axudar noutros ámbitos dos servizos sociais, seguramente, xa o ven facendo. O que segura..., o que non vai a facer é, a investir orzamento nunha competencia propia da Comunidade Autónoma.

+ Intervén o portavoz independente:

Ben. Digo que, da mesma forma que probablemente a Xunta de Galicia a través de benestar conteste de que as partidas están desa forma e que non vai haber, pois a Deputación tamén nos pode contestar que non é competencia deles e tal, pero por solicitarllo ou pedirillo, pois mire, se da mesma forma que estamos intentando a ver se nos soben este plan, entendo de que se hai algunha forma de solicitar para solucionar este déficit, e máis tendo en conta como vostede dixo xa, que é un déficit que temos no

concello porque xa están gastados os cartos e sen embargo non están reembolsados nesta situación, é dicir, vamos a ter agora aquí un déficit duns 11.000€ me parece, non? Entorno, aproximadamente, non, máis, 14.000€, uns 14.000€. Bo, pois, se hai algunha forma, se a Deputación nos contesta que non? Bo, pois moi ben...

+ Interrompe novamente o alcalde:

Xa lles adianto, por se non o sabían, que desde a Deputación isto se meteu nun contencioso administrativo. Por parte da Deputación este tema está no contencioso, [o secretario acláralle que é o concello] bo, por parte dos concellos en onde goberna o partido socialista e onde goberna o B.N.G., se recorreu, co apoio dos servizos xurídicos da Deputación, se recorreu esta situación que nos parece, pois que non é de recibo.

+ Intervén o portavoz independente:

Entón tamén podemos esperar que se resolva no contencioso, entón xa... xa quedará...

+ Intervén a portavoz socialista:

De calquera maneira a Deputación xa está colaborando [inaudible] nos concellos, non? [o alcalde di: evidentemente] Bo, pois xa está. Pois, entón, se nos aclaran isto, [fala o alcalde en segundo plano] que cada un asuma as súas responsabilidades, que a Xunta asuma as dela.

+ Intervén o alcalde:

Entón, vamos a plan... A emenda vaise votar.

Sometida a votación a emenda do grupo independente, se rexeita cos tres votos a favor do grupo independente, os catro en contra do grupo nacionalista e as catro abstencións dos grupos popular e socialista.

Sometida a votación a moción nacionalista se aproba cos nove votos a favor dos grupos nacionalista, socialista e independente e as dúas abstencións do popular.

2.- PARTE DE CONTROL:

2.01º.- DECRETOS DA ALCALDÍA.

Pola Alcaldía se da conta ó Pleno dos Decretos ditados dende a última sesión ordinaria celebrada ata o día da fecha que a seguir se relacionan.

DATA	CONCEPTO
28/10/2011	Pagamento de facturas a empresa LAVIDAQUEQUIERO, S.L.
04/11/2011	Pagamento de facturas as empresas Diurbagal Galicia e Codigo Sport, Maria Teresa Lopez Lago
09/11/2011	Liquidación DICONSA, S.A. en concepto de xuros por retraso no pago das certificacións de obra.
09/11/2011	Expediente sancionador DICONSA
10/11/2011	Concesión salón de actos da Casa da Cultura a Asociación de Mulleres Rurais Miraflores
18/11/2011	Modificación do Servizo de Axuda no Fogar
30/11/2011	Cesamento de tódolos alcaldes de barrio en activo
01/12/2011	Nomeamento de novos alcaldes de barrio das diferentes parroquias
12/12/2011	Cesamento alcalde de barrio de Saa D. José Luís Rodríguez Franco

12/12/2011	Nomeamento alcalde de barrio de Saa D. Antonio Macia López
12/12/2011	Anulación expediente constrinximento a nome de Dámaso López García
22/12/2011	Aceptación sentencias laborais indefinidos
27/12/2011	Concesión baixo Casa da Cultura ao Club GUIMAROMOTOR.

2.02º.- ROGOS E PREGUNTAS.

* P-20/11

+ Pregunta oral que formula o portavoz popular:

Hai uns decretos de ceses e nomeamentos de alcalde de barrio. Cambiaron moitos?

- O Alcalde responde:

Non, poucos, son máis ou menos os mesmos. Na Estación, que é o seu pobo segue o mesmo.

* P-21/11

+ Pregunta oral que formula o portavoz independente:

Un pouquiño sobre as casas do colexio público. En que situación están actualmente?

- O Alcalde responde:

Ese é un expediente que supoño que figura na Consellaría de Educación, e teño que recoñecerlle que tampouco neste intre temos moito interese en que se resolva agora porque non son bos momentos para poder manter eses edificios.

* P-22/11

+ Pregunta oral que formula o portavoz socialista suplente:

A miña pregunta vai para o Delegado de Cultura referente ao primeiro concurso de Cantos de Taberna da Pobra do Brollón. Vostede fixo ou supervisou estas bases? [o concelleiro delegado responde que si, tralo que o portavoz lee parcialmente as bases]. Punto 9 “a puntuación establecerase entre un e dez puntos en cada taberna. O grupo que ao final do percorrido consiga máis puntos será o gañador do concurso. Establécese tamén un segundo e un terceiro premio. En caso de empate, o gañador decidírase mediante sorteo”.

A puntuación pon claramente que se establecerá entre un e dez. Ou sexa. Non hai máis volta de folla. Non poden votar por exemplo 0; ou non se pode non poñer nada. Sempre ten que estar entre 1 e 10.

- O concelleiro delegado responde:

Pon o que pon. Pon, a puntuación establecerase entre 1 e 10 puntos.

- O portavoz socialista suplente di:

Claro. Efectivamente. Ou sexa, queda claramente que é nese, nese tal, entre 1 e 10.

- O concelleiro delegado responde:

Pódenlle votar entre 1 e 10 puntos aos cinco grupos, ou pódelle votar a un grupo e non lle votar aos outros.

- O portavoz socialista suplente di:

Pois entenda que, de feito consulteino cunhas fontes xurídicas, e dinme que non. De feito a puntuación establecerase segundo, dous puntos, en cada taberna. Ou sexa, iso está claro, non? Entón, cada taberna, e de feito dígolle que todas as tabernas o entenderon así, eh? ... menos unha, que foi un pouco o

que nos estrañou. Hai unha taberna, acórdase vostede que eu lle pedín as puntuacións, e vostedes, moi amablemente, ou sexa, porque a rapaza, María de abaixo, non mas ía dar sen o seu consentimento, vostedes déronmas, o cal lle agradezo.

Entón, a miña sorpresa e a de moita xente, non foi miña soa, foi cando vemos que todos os bares votaron a todos os grupos, menos un bar que só fixo unha votación. Nos creemos que este bar, seguindo, guiándonos das bases, eh?, ten que estar desclasificado porque non acatou as bases, non votou aos outros... a os outros tal.

E mire, e xa lle digo máis, non sei se estaba na base, pero por ética. A vostede non lle parece que os grupos que tocaron, ou sexa, viñeron, ensaiaron, non se merecían cando menos un respecto de darlle puntuación. E despois, pódenos dicir quen é este bar?

- O concelleiro delegado responde:

Bo. En primeiro lugar dicir que o primeiro concurso de cantos de taberna foi un éxito total e rotundo. Vostede mesmo mo recoñeceu ao día seguinte. [ólese en segundo plano o concelleiro socialista]. E dito isto, teño que darlle tamén as grazas, a vostede, coma integrante dun dos grupos, aos grupos, aos taberneiros e ao resto da xente que participou no concurso de cantos de taberna, que foron os verdadeiros artifices do éxito.

Ben. Dito isto, teño que dicir que a puntuación, como por aquí, establecerase entre 1 e 10 puntos, pero en ningún sitio pon que teñan que votarlle aos todos os grupos, ou pono?

- O portavoz socialista suplente di:

Non, non. Ponse en cada taberna, 1 a 10 puntos, ou sexa, eu entendo que cada vez que entren teñen que votar de 1 a 10. Eu xa llo digo. E comenteino cun avogado e dixo, con esta ambigüidade que ten, só se pode entender desa forma.

- O concelleiro delegado responde:

Entón teño que dicirlle que, por ser a primeira vez, pois pode haber erros, como son lóxicos e normais, non? por ser a primeira vez. En sucesivas edicións, se é que se celebran, pois bo, pois haberá que adaptar, digamos, as bases a estas posibles circunstancias que... que podan xurdir. No Senado, vostede pode elixir a 3, a 2, a 1 ou a ningún, verdade?

- O portavoz socialista suplente replica:

Qué ten que ver iso? Antes que a regulamentación do Senado? Home, por favor, non me diga. Nas de Eurovisión, tamén lle digo, que ten que votar a todos os participantes mentres non se acaben os puntos. [interrompe o concelleiro delegado: depende da forma de votalo. Se non vota, e se se queda en branco...] non, non, pero iso non o pon. Di, ou sexa, tería que... a) a puntuación establecerase de 1 a 10 mentres, é que entón vostede tería que seguir explicando, mentres, as excepcións, se non se quere votar non terá por que facelo, a un grupo, e tal. Dito isto, dígolle, pódeme dicir quen é o bar?

- O concelleiro delegado responde:

Eu non. Dígamo vostede porque a puntuación, ademais, era anónima.

- O portavoz socialista suplente di:

Secreta. Pero dígollo eu porque fun aos bares. Fun aos bares e dixéronmo todos, eh? Que eu só quería que me dixeran, eu facíalles unha pregunta. Mira. Ti votásteslles a todos? E dicían, non, mira este son eu, oh! Ou sexa, di, que bonito! Ou sexa, que quero tamén recoñecelo. Eu aquel día díxenllo, efectivamente, foi en Salcedo e feliciteino pola iniciativa. Agora non o vou a felicitar polo desenrolo, que é diferente. Entón, este bar, pois, é de alguén, ou sexa, de alguén que participaba nunha... nunha charanga, e que casualidade que, se estes votos non houberan sido así, habería outro ganador, con este voto, hai o ganador que se pretendía que houbera, me parece a min. Entón pois, vostedes verán, á vista está, vamos, á vista está, aquí o teño, mire, se estes votos, ou sexa, se fora, pois o que agora é segundo

ganaría por dez votos. Entón, mire, eu o que lle quero dicir, porque eu sei que non vai a facer nada, vaimos empezar coa demagogia, mire, as cousas saen ben se nacen ben. Se nacen viciadas e enfermas, seguen viciadas e enfermas. E recórdolle, señor concelleiro, que iso é o que non pode ser. Trate de facer que as cousas saian sas. E, se non fai unha rectificación, nos mañá presentaremos un escrito de impugnación destas votacións. Moitas grazas.

- O concelleiro González Moreira, di:

E, podo preguntar quen era o bar?

- O portavoz socialista suplente responde:

Si, é a, "La vieja taberna".

- O concelleiro González Moreira, di:

Ah! Coño! [segue un diálogo mesturado practicamente inaudible] por iso quería saber eu quen era o bar. [continúa o diálogo mesturado no que se oe ao alcalde dicir, "mire", ao concelleiro socialista preguntar "non o sabía?" e ao nacionalista dicir "non o sabía" e ao socialista, "vostede ten o descaro de dicir que non o sabía"] O que vostede está dicindo é que unha simple pregunta que lle fai a alguén, a quen lle votaches? lle dixeron, eu non votei a ninguén, xa vostede o vai levar a un tribunal? Paréceme ben, oh!

- O portavoz socialista suplente di:

Non, non, pero mire... [segue un diálogo mesturado inaudible] mire, se vostede ten o papel, mire, teño aquí os nomes, o nome da puntuación de cada bar. Aquí o teño. [segue un diálogo mesturado inaudible, no que destaca que Manuel Moreiras lle pregunta a Javier González se iso e crible e si el é crible] Claro que é crible. Se quere volvemos. Ou sexa, vostede estame dicindo que non foi o seu bar o que non votou?

- O concelleiro González Moreira, responde:

Eu non estou dicindo nin que foi o meu... [novamente deixa de entenderse polos diálogos cruzados]. Como pode afirmar que...

- O portavoz socialista suplente di:

Eu pódoo afirmar por... porque funme a... hai seis bares, un, dous, tres, catro... sete. Funme a seis, e seis dixéronmo, hai o que se chama por... ou sexa, ao faltar só un, loxicamente, non? Non lle parece? Pero a vostede parécelle correcto? Ou sexa, a vostede parécelle... [novamente deixa de entenderse polos diálogos cruzados]. Ademais, sabe que puntuación se puxo... sabe que puntuación se puxo ao grupo no que tocaba vostede? Sábea? Dez. [novamente deixa de entenderse polos diálogos cruzados]. Iso chámase hixiene... vale, non teño nada... E os outros todos, xa lle digo, non mereceron segundo vostede ou que votou, non mereceron nin un voto nin tan sequera...

- Intervén o alcalde:

Mire. Nas preguntas hai una resposta concreta e non hai debate. A iniciativa, eu creo que a iniciativa foi... [inaudible por ruidos] alcalde en Galicia... fantástica e así o recoñeceron os hostaleiros, e creo que o recoñeceu a xente da Pobra e serviu para dinamizar ao sector da hostalería. Tampouco vamos a permitir que vostede, por unhas sospeitas que, eticamente poden ser mellores ou peores. Quen organizou este evento, que foi o concelleiro de cultura, as votacións foron secretas. Vostede pode imaxinar... [novamente se fai inaudible ao falar varios a un tempo e con elevado volume]. Vostede o que ten é que colaborar e non...

- Interrompe o portavoz socialista suplente:

Eu colaborei, señor alcalde, eu colaborei tocando no... ou sexa, que a min vostede non me ten que dicir nada... [novamente se fai inaudible ao falar varios a un tempo]. Con estas cousas non son, porque [inaudible] que xente que participaba que non queira volver a participar ao ver estas cousas.

- Intervén o alcalde:

O que si lle digo, é que a boa vontade por parte de quen goberna foi de facelo o mellor posible. Se despois saíu mal, en todo caso non depende nin lle hai que recriminar nada ao concelleiro de cultura que o fixo coa mellor vontade posible.

- Novamente deixa de escoitarse ao falar varios a un tempo. Ao dar por pechado o alcalde o tema, o portavoz socialista suplente di:

Efectivamente. Nos mañá presentaremos un escrito de... [inaudible].

* R-01/11

+ Rogo oral que formula o portavoz popular:

Nos o que queremos é, se puidera ser, pedir un parapeto para o tramo de estrada que ven de Salcedo, aí na feira.

- O alcalde di:

E da Deputación. Se queren xa presentamos unha moción pedíndoo, se o secretario ve que é posible xa que o pleno rematou (na fase decisoria).

- Intervén o secretario informando que non é necesario, xa que este rogo pode dar pe a que o propio alcalde faga a petición, tralo que o alcalde indica que así o fará.

* P-23/11

+ Pregunta oral que formula o portavoz popular:

As subvencións culturais van saír? Refírome ás do 2011.

- O concelleiro de cultura responde:

Esta semana estiven mirando os expedientes, e bo, falta algunha documentación, pero non están resoltos ningún.

* P-24/11

+ Pregunta oral que formula o portavoz independente:

Ao señor Concelleiro de Facenda, non, simplemente, se ten un adianto de cando, aproximadamente, se vai a presentar neste concello o presuposto de 2012?

- O concelleiro de facenda responde:

O antes posible. Vostede sabe que nos dependemos dos orzamentos da Xunta e do Estado, e necesitamos saber cales serán as transferencias que nos fagan.

* P-25/11

+ Pregunta oral que formula a portavoz socialista:

Eu quería, se se me puidera facilitar, eu xa preguntei o outro día, pero faltaba, ao parecer, algún persoal da administración, non encontraron as saídas, un histórico das xestións feitas en relación ao saneamento de Pacios, porque penso que dalgunha maneira quixera constatar hasta onde se chegaron esas actuacións, e desde logo recordo perfectamente a Xunta de Goberno na que se aprobou, na que se aprobaron as bases, na que se adxudicou, as invitacións ás empresas e gustaríame ter esas datas porque as pedín o outro día e non...

- Interrompe o alcalde preguntando:

Xa está adxudicada a obra, quere dicir?

- A portavoz socialista, responde:


A obra eu recordo... ou sexa, abrimos a mesa de contratación... claro! É que iso é o que me choca a min, e me sorprende moitísimo de que me digan que non se fixeron esas cousas e si realmente se fixeran, e as invitacións ás empresas que terán que estar pois coa saída correspondente.

Non habendo máis asuntos de que tratar, levántase a sesión pola Presidencia cando son as vinte e dúas horas e trinta minutos do mesmo día, de todo o cal eu, Secretario, dou fe.

Así resulta do Borrador da Acta da Sesión a que me refiro, e para que conste ós efectos oportunos, e coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, expido a presente de orde e co visto e prace do Alcalde na Pobra do Brollón a vinte e sete de febreiro de dous mil doce.

v. e pr.
O Alcalde,

Asdo.: José Luis Macceda Vilarino


XANERO

